

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1011FI	CON/8/2016	17-08-16 13:57



CONCELLO DE SANTIAGO

Destinatario

Número 40 .- Proposta da Alcaldía relativa á adxudicación do servizo para a redacción do plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno 2016-2020 do Concello de Santiago de Compostela.

15078DCMG1011FI-



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 12 de agosto de 2016, adoptou o seguinte acordo:

40 .- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PARA A REDACCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO 2016-2020 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do Sr. Alcalde, de data 3 de agosto de 2016, así como do informe de Intervención nº 448/2016 da Interventora municipal, condicionado á constancia de realizar o ingreso efectivo das taxas e demais pagos que non figuran acreditados.

Na devandita proposta indícase o seguinte:

“Martíño Noriega Sánchez, Alcalde, en relación á licitación “Servizo para a redacción do plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno 2016-2020 do Concello de Santiago de Compostela”, e conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias que teño asumidas según decreto desta Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:



Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento CMG10I1FI	Expediente CON/8/2016	Fecha 17-08-16 13:57

Primeiro: Con data 12 de xullo de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador TECNOCOM TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA SA.

Segundo: Con data 2 de agosto, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta alcadía procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA SA**, que oferta realizar os traballos por un importe de **21.234,01 euros** (IVE aparte 21%: 4.459'14 euros), ó ser a súa a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a realización de 100 horas adicionais de traballo e unha redución do prazo de execución que permitirá a finalización do contrato en doce semanas.

Designase como responsable do contrato ó xefe de servizo de informática, D. Jesús Rodríguez Castro.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **010 92001 22706.**"

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **TELECOMUNICACIONES Y ENERGIA SA**, que oferta realizar os traballos por un importe de **21.234,01 euros** (IVE aparte 21%: 4.459'14 euros), ó ser a súa a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a realización de 100 horas adicionais de traballo e unha redución do prazo de execución que permitirá a finalización do contrato en doce semanas.



Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1011FI	CON/8/2016	17-08-16 13:57

Designar como responsable do contrato ao xefe de servizo de informática, D. Jesús Rodríguez Castro.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 010 92001 22706.

De conformidade co mencionado informe de Intervención, nº 448/2016, a adxudicación quedará condicionada a que se acredite a constancia efectiva do ingreso das correspondentes taxas e reintegro dos gastos en concepto de publicación de anuncios.

O CONCELLEIRO SECRETARIO SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Jorge Duarte Vázquez

